

Prezada comunidade:

Aínda que o reinicio da actividade docente, tras o período non lectivo do Nadal, se está levando a cabo con normalidade dentro do escenario de presencialidade previsto para este curso, preséntase a situación novidosa do incremento de casos positivos por covid-19 que configura a chamada «sexta onda», así como a posibilidade de confirmación de casos positivos sen a correspondente PCR asociada.

Ante esta situación e co fin de garantir o dereito a realizar os exames e as probas previstas neste período, o Comité de seguimento da covid-19 da Universidade de Vigo, na súa xuntanza do 12 de xaneiro de 2022, decidiu acordar as pautas para a xustificación documental de casos covid-19. Así, no caso de non dispoñer dun informe médico ou dunha comunicación oficial dos servizos sanitarios do resultado dunha proba diagnóstica de infección activa, os centros docentes poderán esixirlle ao estudantado o envío á persoa delegada/encargada covid do seu centro dalgunha das seguintes xustificacións documentais (sempre que ao xuízo do centro conteñan a información suficiente para acreditar a situación):

- Unha autodeclaración xurada asinada polo estudantado na que consten todos os datos precisos para acreditar o seu estado.
- Unha fotografía na que se aprecie o resultado positivo da proba de antíxenos realizada polo estudantado afectado, tomada co seu DNI ao carón do dispositivo de visualización do resultado.
- Un certificado do resultado da proba diagnóstica realizada nunha farmacia.
- Unha declaración responsable mediante copia asinada da ‘Declaración responsable de autotest positivo’ (obtida a través dunha captura de pantalla ou dunha fotografía), pola que se lle comunica o caso ao Sergas, dispoñible en <https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Autodeclaracion-caso-sospeitoso-COVID>.

O dereito á avaliación do estudantado que non poida realizar presencialmente as probas nas datas previstas está garantido segundo as medidas para o desenvolvemento da organización docente para o presente curso aprobadas polo Consello de Goberno, xa que todas as guías docentes inclúen un plan de continxencias onde se recollen as adaptacións das probas previstas para este estudantado.

No referente á entrega de actas, o calendario académico para o presente curso xa inclúe un período amplo entre a data das últimas probas (28 de xaneiro) e a data límite de entrega de actas (18 de febreiro), equivalente a dous períodos de confinamento completos. Non obstante, se, por mor da aplicación do plan de continxencias, nalgunha materia non estivera dispoñible a cualificación definitiva dalgún estudante, procederase, como é habitual, a cualificar este estudante como «non presentado» e farase a correspondente dilixencia á acta no momento no que a súa cualificación estea

dispoñible. En todo caso, se algún centro, dentro das súas competencias para organizar e xestionar a docencia, considera oportuno adiar a data límite de entrega de actas dalgũa materia por circunstancias excepcionais, deberá facer a correspondente solicitude á Secretaría Xeral para a súa consideración polo Consello de Goberno.

Por último, aproveito para recordar a obrigatoriedade da comunicación de calquera incidencia relacionada coa covid-19 á persoa responsable de cada centro e do cumprimento estrito dos protocolos e das normas ditados polas autoridades sanitarias en todos os espazos universitarios, así como para agradecer o esforzo e bo quefacer de todos os integrantes da comunidade universitaria.

Manuel J. Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo